



COMUNICACIÓN PARA AS PERSOAS INTERESADAS NA CONVOCATORIA DOS PROXECTOS DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI XACOBEO 2021

A Resolución do 22 de maio de 2020, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo, na actualidade Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se acorda darlles publicidade ás bases para configurar un fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico denominado Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 estableceu no apartado 6 da convocatoria que o orzamento inicial era de **1.500.000,00 €**. O referido crédito ampliouse ata **2.500.000,00 €**, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, coa pretensión de atender un número maior das solicitudes presentadas.

Tras finalizar o prazo de solicitudes e de publicar a **cuarta resolución de proxectos seleccionados**, o número total de proxectos presentados foi de 1.093.

353 aprobados

96 desestimados

45 excluídos

Os demais proxectos que non foron atendidos por esgotarse o crédito dispoñible para a convocatoria do ano 2020 serán susceptibles de constituír unha bolsa de proxectos que serán avaliados e, de ser o caso, seleccionados para atender as necesidades do órgano convocador **sempre que exista crédito dispoñible**.

Para a selección dos novos proxectos atenderase a criterios de selección baseados na calidade e viabilidade dos proxectos, a súa correlación cos prezos de mercado e a súa idoneidade para cumprir os obxectivos da convocatoria que, de ser o caso, se publique, sempre que exista dotación orzamentaria.

Por outra parte, **recordámoslles** ás persoas, empresas ou entidades adjudicatarias dos proxectos seleccionados ao abeiro da convocatoria do ano 2020 que é imprescindible que executen os traballos ou que entreguen os produtos seleccionados dentro do ano natural, para tramitar, así mesmo, os pagamentos dentro do exercicio 2020. Esta precisión deriva dun impedimento legal en materia de contratación menor que non permite diferir a execución dos proxectos a diferentes anos naturais.

A modo de resumo informativo, cómpre que atendan as seguintes recomendacións:

1 ENVÍO DOS PROXECTOS DIXITAIS SELECCIONADOS E SUBIDA Á SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA DO ANEXO III

CANDO?: DESPOIS DE RECIBIR a notificación da Resolución de adjudicación e antes do remate do ano 2020.

COMO?: A través de Velaquí ou We Transfer.

DISPOÑIBILIDADE DE DESCARGA NOS REPOSITORIOS: terá que estar garantida como mínimo durante 10 días para permitir a xestión da unidade de tramitación.

Inmediatamente despois de realizar o envío do proxecto, subírase tamén á sede electrónica da Xunta de Galicia o documento que figura como Anexo III da Resolución.





Este documento estará á disposición da persoa solicitante en formato editable na web <http://lingua.gal>.

Para realizar a achega do anexo III, a persoa interesada accederá ao expediente na carpeta do cidadán da persoa solicitante / representante no enderezo electrónico <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadán> (código de procedemento PR004A) e despregará na marxe esquerda, no botón "Accións", a opción "Documentación separada da solicitude". Cubrirá o formulario que facilita a sede electrónica da Xunta de Galicia e achegaralle a este formulario o referido anexo III.

2 ENTREGA DE PRODUTOS MATERIAIS OU FÍSICOS (LIBROS, DISCOS ETC.)

Na forma prevista na resolución de adxudicación.

3 EXECUCIÓN DE PROXECTOS PRESENCIAIS (SERVIZOS E EXECUCIÓN DE ESPECTÁCULOS E/OU OUTROS EVENTOS)

Logo da execución do servizo contratado (espectáculo, obradoiro, charla, representación, evento ou outro) achegarase coa factura a documentación que se indica no contrato e que é a seguinte:

memoria final, ficha resumo cuberta (anexo I do contrato) e certificado do concello ou da entidade de acollida onde se desenvolva a actividade (anexo II do contrato).

A documentación xustificativa da realización da actividade xunto coa factura deberán presentarse no Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) antes do remate do ano 2020.

Os dereitos das persoas adxudicatarias dos diferentes proxectos (presenciais, físicos ou dixitais) que non presenten a referida documentación e as facturas nos termos previstos nas bases da convocatoria e conforme a resolución de adxudicación ou, de ser o caso, do contrato asinado decaerán por transcorrer o prazo sen executar a actividade ou sen entregar no prazo correspondente o ben ou produto cultural contratado.

Datos de contacto para resolver dúbidas

1 Execución de servizos (espectáculos, representacións, obradoiros etc.)

Alicia Padín

Teléfono de contacto: 722 248 033

correo electrónico: coordinacion.rededl.sxpl@xunta.gal

2 Produtos dixitais ou materiais

Miguel Angel López Veira

Teléfono de contacto: 881 996 314

correo electrónico: miguel.angel.lopez.veira@xunta.gal

3 Dúbidas relacionadas coa tramitación das facturas

Odilia Jorge Baleirón

Teléfono de contacto: 881 996 323

correo electrónico: odilia.jorge.baleiron@xunta.gal

